

TEMAS DE COMENTARIO CRÍTICO

CORONAVIRUS

O coronavirus, tamén coñecido como Covid-19, é o virus que puxo en xaque ao mundo. Este brote xurdiu a finais de 2019 na cidade chinesa de Wuhan e estendeuse sen control. Ante esta situación, a OMS viuse obrigada a declarar a pandemia global e os países a decretar estados de alarma e medidas de confinamento.

En confinamento, a desigualdade magnifícase

Nun contexto de confinamento domiciliario como o actual -máis de 10 millóns de estudantes estanse vendo afectados polo peche das aulas decretado polo estado de alarma-, as familias con menos recursos teñen menor capacidade para xestionar o estrés, apuntan os expertos. A situación de necesidade económica pode xerar frustración e conflitos familiares. O espazo reducido na vivenda, a preocupación por se poderán pagar ou non o aluguer a fin de mes... Son factores que afectan á xestión do tempo, á capacidade de manter unha rutina para que os fillos poidan mitigar o efecto do peche das escolas. O confinamento vai ampliar a fenda educativa, vai afectar ao rendemento académico e ás habilidades cognitivas dos nenos das familias máis pobres. As familias con máis folgora económica tenden a ter niveis máis altos de educación e máis recursos para compensar a perda de clases.

A capacidade de asumir o distanciamento físico (confinamento) dependerá de se se ten ou non un bo traballo, a seguridade de non perdelo, unha pensión digna, unha boa vivenda. Non é o mesmo estar confinados nunha casa de 180 mtros cadrados con todas as comodidades ca nun piso de 35 metros, e sen ter cubertas as necesidades básicas.

Poden todos os sectores da nosa poboación afrontar esta crise de saúde coas mesmas garantías? Aféctanos a todos por igual agora mesmo e no futuro máis próximo?

Algúns investigadores xa advirten de que as persoas con menos recursos serán as máis afectadas, non só polos efectos económicos, senón tamén porque están máis expostas a contaxiarse.

Cantas persoas poden traballar desde a casa?, quen pode evitar o transporte público para ir traballar?, quen ten varios ordenadores e conexión a internet para que os nenos estuden de forma remota? «En momentos coma estes, **as grandes disparidades na riqueza parecen tan dolorosamente claras**», reflexiona en Twitter Rachel Swarns, profesora de New York University.

En moitos casos, as persoas con ingresos baixos son tamén as que menos poden optar ao teletraballo e as que deben desprazarse en transporte público ou estar en contacto con outras persoas, o que facilita o contaxio. As traballadoras do fogar ou os obreiros seguen traballando porque non hai medidas para que, se deixan de traballar, poidan seguir percibindo ingresos.

Estudar en remoto, non para todos

Os estudantes sen acceso a internet e sen un ordenador na casa non poderán mantense ao día co traballo escolar

En España, onde todos os colexios e universidades permanecen pechados, **dous de cada 10 fogares non contan con un ordenador** e un de cada dez non ten acceso a internet, Segundo o INE (Instituto Nacional de Estatística)

As leccións do Covid-19: a necesidade de reforzar o Estado de Benestar

A pandemia do coronavirus puxo en evidencia carencias importantes nos sectores que crean unha sociedade forte, solidaria e compacta: **a sanidade, a educación e os servizos sociais**. Uns sectores que desde o 2012 sufriron especialmente os rigores da anterior **crise económica** (os recortes cebáronse con eles) e que neste momento amósanse máis que necesarios para combater o Covid-19.

A sanidade que tanto **orgullo** suscita estes días sufriu continuos recortes desde ese **2012**, con recortes de persoal, de camas, de material, da retirada do seu carácter universal (o virus non entende de asegurados nin de cidadáns sen papeis) e os xestores tentaron, con máis ou menos éxito, ir parcheando estas carencias nestes últimos anos. Pero agora faise totalmente visible e patente a falta de todos eses recursos suprimidos, ante a avalancha de enfermos nos centros hospitalarios todos os días. É moi triste. Non hai persoal suficiente, nin medios, nin camas, nin respiradores... E malia isto, os nosos sanitarios están dándonos unha lección a todos/as. Continúan indo ao se traballo, moitas veces sen protección; fan xornadas laborais de longa duración, ata quedar exhaustos, para atender os nosos enfermos. Eles son realmente os verdadeiros heroes nesta crise.

Neste contexto de incertezas, moitos profesionais sanitarios de diferentes especialidades están implicados na contención desta pandemia e no tratamento dos enfermos. Entre todos traballan arreo para facelo posible. Pero a situación límite que se vive a nivel profesional xera moita tensión. Con máis medios non estarían abocados a tanto dilema moral de imposible resolución, e moi custosa execución. A quen se lle dá a oportunidade de se salvar? A unha moza de 25 anos? A un home de 40 con problemas respiratorios? A unha señora de 55 que tivo un cancro? A un señor de 60 que nunca tivo problemas de saúde? Quen pode garantir que se está a tomar a decisión correcta? Acaso os comités éticos profesionais non deberían ter máis protagonismo nunha situación coma esta?

No caso do ensino, alumnado e profesorado abandonaron, dun día para outro, as aulas e pecháronse nas súas casas. Iso si, a formación ten que continuar. As consecuencias que isto acarrea son varias e non afectan a toda a comunidade por igual:

- En todas as casas houbo que acomodar espazos adicados ao teletraballo.
- Non en todos os domicilios se dispón de acceso a internet, ou a cobertura é

limitada.

- Malia dispoñer de internet, en moitos fogares do país, non hai un ordenador para cada membro. Isto obriga a compartir o único da casa para realizar as tarefas.
- Ruptura do vínculo afectivo profesor/a-alumno/a.
- Imposibilidade dun seguimento individualizado por parte do/a docente.
- Aprendizaxe e adaptación a un sistema de traballo totalmente novidoso e con moitas carencias, nun tempo récor, por parte de profesores e alumnos.

Fallounos a arma de coñecemento, a escola, as aulas, como espazo de encontro, tanto as concibidas nun espazo pechado como as aulas sen paredes, que promoven o coñecemento integrado, o convivio interdisciplinar e en comunicación co contorno. Porque, en palabras recentes do psicopedagogo Francesco Tonucci, “os nenos senten moito a falta da escola, é dicir, non dos profesores, que tamén, senón a falta dos compañeiros. A escola era o lugar onde os nenos podían encontrarse con outros nenos”.

Sen ese espazo de confluencia entre docentes e discentes, mais sobre todo entre iguais, todos ficamos invisibles, no baleiro e sen rede de afectos.

O traballo telemático entre profesores e alumnos evidenciou as trabas, carencias e frialdade deste tipo de educación. En 1º lugar, nin alumnado nin profesorado está preparado a nivel tecnolóxico. Na docencia a distancia o que máis se repite: “custa máis entender”, “falta organización”, “non é o idóneo”, “descoñecemento tecnolóxico”, “dificultade para dispor de medios”, “falta o acompañamento dos profes”. O que mellor define o estado de ánimo: “incerteza”, “estrés” e “agobio”.

Un computador non é unha aula. Unha casa non é unha escola e un troco de tarefas didácticas por vía telemática nada ten que ver co dinámico, socializador e interactivo proceso de ensino-aprendizaxe.

Unha avaliación non é só unha cualificación numérica, senón resultado da adquisición de competencias, o que supón *a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento.*

Os nosos maiores

O Covid-19 está golpeando especialmente aos máis vulnerables, a eses maiores dependentes sen asistencia ou unha miserable atención.

O coronavirus cebouse cos maiores, nomeadamente cos que viven em residencias, que representan o 40% de todas as mortes por esta doenza, delatando a falta de preparación dos coidadores e, moitas veces, a súa pouca humanidade e malos tratos. Mais, os culpables desta situación non son prioritariamente os traballadores, senón os que dirixen o negocio. Non se poden ter traballadores implicados con baixos salarios, precariedade laboral, falta de formación, etc.

Esta pandemia debe servirnos para que todos os gobernos tomen nota e se decaten da imperiosa necesidade de investir en ciencia, educación, sanidade e investigación como as bases sobre as que se sustenta unha sociedade solidaria e de progreso.

Coronavirus e violencia de xénero: a dobre pandemia

O confinamento en moitos casos pechou ás vítimas de violencia de xénero cos seus maltratadores. Estas mulleres enfrontan dúas pandemias: o Covid-19 e a violencia machista. Noticias deste fenómeno xa nos chegaron desde China, onde se prociu un aumento da violencia doméstica durante as semanas de corentena. Supón un gran paradoxo que no tempo da recomendada “distancia social”, moitas persoas se vexan obrigadas a convivir as 24 horas do día co seu maior inimigo visible, baixo o mesmo teito, sen o alivio que supoñen as rutinas do día. Sen a posibilidade de que esa convivencia insá poida ser interrompida por outra actividade que non sexa a de permanecer na casa.

Pseudociencias

Sempre hai quen trata de tirar beneficio do medo e a incerteza. Estes días vemos abrollar múltiples noticias sobre que determinados alimentos confiren protección contra o virus, ou o que é peor, que certas sustancias poden curalo. Isto xa provocou a morte de persoas que inxeriron produtos tóxicos pensando que curarían ou previrían a infección. Tamén o gurú da auga con lixivia, o famoso MMS apuntouse á moda do coronavirus, asegurando que o seu produto estrela cura esta doenza, ao igual que o cancro, a infección por VIH...

Incertidume

Erguerse sen saber en que día estamos empeza a ser algo moi normal. A rutina do confinamento forzoso pesa sobre nós e o silencio, que se percibe nas rúas dende o corredor da casa, é demoledor e abafante. O reloxo da igrexa marca as horas, mais pola rúa non pasa ninguén para cumprir coa súa rutina diaria. Semella que estamos nun lugar un tanto fantasmagórico onde nada se move e onde o silencio é absoluto.

Certo é que un futuro incerto comenza a pulular polo maxín de todos os vivos. Hai uns días, todos tiñamos máis ou menos uns plans feitos pra desenvolver nos vindeiros meses. Uns, xa tiñan programados actos importantes, oposicións, viaxes, visitas e asuntos familiares que marcan datas na vida individual e colectiva. Estaban previstas unhas eleccións e mirabamos ao futuro dentro dunha certa orde e previsión. Sabiamos cando ían ser as festas dos lugares que nos interesaban; os actos deportivos e mesmo as vacacións estivais. Tiñamos programados eventos, cerimoniais e encontros. Mais axiña nos decatamos que todo se esnaquizou e caeu ao chan como se fose un castelo de naipes. Un maléfico virus colleunos pouco menos que en pelotas. E agora estamos un tanto indefensos sen saber que vai acontecer para programar, a

grandes liñas, o noso futuro inmediato. Pois, aínda que se levante o confinamento, a desconfianza en ser infectado seguirá por moito tempo ameazando a nosa saúde e, polo tanto, a nosa existencia vital.

Vocabulario:

mascarilla: **máscara**

guantes: **luvas**

gafas: **lentes**

camilla: **padiola**

respiradores: **respiradores**